



## CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)

Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)



### VI CAMPIONATO GALEGO DE LONGA DISTANCIA

Notables resultados acompañaron aos nosos nadadores e nadadoras no Campionato Galego de Longa Distancia que se celebrou o pasado 31 de outubro na piscina do Complexo Deportivo Rías do Sur de Pontevedra.

Foi a primeira competición da tempada e os nadadores/as mostraron a súa calidade a pesares de levar tan só 5 semanas de adestramento regular. Situando o noso club na 3ª posición por equipos na táboa feminina, a 6ª posición no masculino e a 5ª na total conxunta.

Os postos máis destacados correron a cargo das nadadoras/es da categoría absoluta, así pois Roi González e Rasiel Mier acadaron o bronce na proba cunhas boas marcas.

Jorge Pardo de categoría júnior tamén realizou unha boa proba no seu debut nesta competición, mantendo uns bos parciais que dan a pensar que pode mellorar o seu rendemento neste tipo de probas.

Tamén a nosa nadadora de categoría júnior Fátima Sánchez segue a mostrar a súa gran proxección nas probas longas xa que conseguiu bater os rexistros históricos do club no parcial de 1500 e no tempo final dos 3000 metros.

A outra nadadora júnior do equipo, Sonia Nebril, non puido rematar a proba por problemas coas gafas cando xa levaba 2000 metros de recorrido, e tivo que abandonar. Sonia estaba a facer una boa proba baixando os seus tempos do 3000 do ano pasado en case 30 segundos.

En canto as nadadoras infantís que participaban por primeira vez nesta proba (no seu caso recorreron 2000 metros) realizaron un gran papel.

A máis destacada foi Laura Santalla que se situou en primeira posición das nacidas no ano 96 cun bo rexistro.

Nerea López tamén foi capaz de realizar unha moi boa proba, rematando no 3º posto das nacidas no 96 nunha distancia da que non é realmente especialista.

Por outra banda Silvia Trasancos acudía a esta cita mermada por unha enfermidade que apenas lle permitiu adestrar na última semana e foi quen de marcar uns bos parciais no inicio da proba pero xa no final a falta de adestramento e a debilidade fíxose notar.

O nadador infantil Antonio Castro quen estaba inscrito para participar nos 2000 metros non puido acudir por causa dunha enfermidade.

Parabéns a todos/as!!



Xan X. Suárez Vilela  
Adestrador Club Natación Ferrol - Elinco